

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DO CICLO DE ENCONTROS DE DANZA E ARTES DO MOVIMENTO “ENTRE PASOS E PALABRAS” EN 2025**

Santiago de Compostela

### **COMPARECEN**

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), actuando por delegación do Consello Reitor da Axencia, en virtude do disposto no Decreto 150/2021, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e na resolución do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2012).

E doutra, M<sup>ª</sup> Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza (en adiante, a entidade), con NIF G15798655, representación que ostenta para todos os efectos legais segundo consta nos Estatutos e escritura de constitución da entidade outorgada o 30 de xullo de 2001 ante o Notario da Coruña Francisco Manuel Ordóñez Armán baixo o número 1983 de orde do seu procolo, e segundo consta no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia (resolución do 24 de setembro de 2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza).

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso das medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

**SEGUNDO.** A Fundación Paideia Galiza, inscrita co número 2001/27 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, é, segundo os seus estatutos, unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, que ten por obxecto fundacional a atención, formación, orientación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención nos campos das ciencias humanas e sociais; a atención, formación, orientación,



documentación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social, así como a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, científico, de cooperación para o desenvolvemento, de fomento da economía social, de promoción do voluntariado ou outras de análogo interese humano e social, e a promoción e desenvolvemento de accións dirixidas a impulsar o emprendemento, promovendo a creación de empresas, de proxectos innovadores e a xeración de empregos.

Para o cumprimento destes fins, segundo os seus estatutos, a Fundación poderá realizar investigacións, estudos e proxectos, desenvolver conferencias, simposios, seminarios...; cooperar con organizacións e institucións na organización de cursos de formación; convocar concursos e conceder premios; así como, en xeral, fomentar, estimular e promocionar actividades relacionadas coa consecución do seu obxecto fundacional.

Desde a súa creación en 1986, a Fundación Paideia Galiza ten apostado por converterse en referente na profesionalización e empregabilidade de persoas e sectores vulnerables. Centra a súa actividade no desenvolvemento de cinco áreas de traballo: emprendemento; formación e sensibilización; discapacidade e inserción; mocidade e mobilidade, e desenvolvemento territorial. É no primeiro deles, en emprendemento, onde pon especial atención á industria cultural, ofrecendo oportunidades de formación, creación e promoción a compañías e artistas galegos emerxentes encamiñadas á profesionalización da súa actividade.

Para a consecución deste obxectivo, a Fundación Paideia Galiza vén organizando regularmente programas de formación en emprendemento cultural, xornadas de divulgación, cursos, clases maxistras, actividades de mentoría, residencias creativas, certames e festivais, etc. que buscan a capacitación e o coñecemento en diferentes áreas do sector cultural facilitando o acceso ao mercado de traballo a colectivos con maiores dificultades para atopar un emprego de calidade.

**TERCEIRO.** A Agadic, como entidade pública que busca a preservación e difusión da cultura galega e que pretende garantir a viabilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positiva, entende que a actividade cultural emerxente debe xogar un papel fundamental no desenvolvemento das industrias culturais galegas, sobre todo no sector da danza e artes do movemento, ao entender que presenta unhas peculiaridades intrínsecas ao xénero que a fan precisar dun tratamento específico para a súa normalización e para axudar a que manteña un papel protagonista entre a cidadanía.

Neste sentido, o Plan Integral para a Danza de Galicia, promovido pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais e xurdido do traballo conxunto e colaborativo de representantes e profesionais da danza coa finalidade de establecer os obxectivos e actuacións necesarias para adecuar o sector cultural e creativo da danza e das artes do movemento ás necesidades reais do contexto galego, contempla como un dos seus obxectivos asentarse e desenvolver accións e iniciativas de profesionalización do sector para consolidar un tecido empresarial fortalecido que xere postos de traballo e riqueza socioeconómica.

**CUARTO.** Promover iniciativas que acheguen recursos innovadores ao ámbito da danza e as artes do movemento é esencial para estimular a evolución e renovación deste sector no territorio galego. E o desenvolvemento deste ciclo de encontros no ámbito da danza e das artes do movemento, dirixido principalmente a artistas emerxentes do territorio galego, busca apoiar a profesionalización dos seus traballos artísticos a través de ferramentas como a formación, o intercambio de ideas e o contacto cos principais axentes do sector da danza na actualidade.



Con ese obxectivo común, ambas entidades deciden, por tanto, coorganizar o Ciclo de encontros de danza e artes do movemento “Entre pasos e palabras”, unha serie de encontros nos que as conversas, preguntas, reflexións e debates permitirán coñecer de preto as circunstancias e características que rodean o proceso creativo e a materialización de proxectos emprendedores arredor da danza e as artes do movemento. Será un espazo para a transmisión de coñecemento e a resolución de retos de forma participativa, favorecendo o *networking* entre os emprendedores e os demais axentes do ecosistema emprendedor.

Con este ciclo de encontros ambas entidades entenden que se favorece o intercambio, o debate e a reflexión arredor do papel dos profesionais da danza en Galicia e das novas tendencias no sector. Uns encontros que servirán, ademais, para facer visible o seu labor como motores da industria cultural, e cos que se pretende facilitar e crear as condicións necesarias para que os proxectos emerxentes teñan unha maior capacidade de profesionalización, conseguindo deste xeito unha maior visibilidade e presenza no mercado.

**QUINTO.** A Agadic considera, pois, importante establecer accións conxuntas coa entidade que permitan a coorganización deste programa por razóns de interese público. A colaboración entre ambas as entidades susténtase nesa necesidade de promover o talento emerxente de Galicia no ámbito da danza e apoiar o seu potencial como axentes de transformación social; de contribuír á divulgación e profesionalización desta disciplina e de conectar o talento galego con talento de fóra de Galicia, aproveitando o coñecemento doutras experiencias para impulsar a posta en marcha de producións de danza tanto desde a perspectiva da disciplina artística como desde a súa dimensión profesional.

Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións e institucións galegas para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en Galicia. E son estes convenios ferramentas imprescindibles de colaboración que axudan a equilibrar os custos e as necesidades ademais de garantir a calidade dos eventos e das súas programacións.

Este convenio de colaboración enmárcase na liña 3 –*Dinamización cultural de asociacións, federacións e colectivos culturais no eido escénico, musical e audiovisual*– da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con entidades de carácter cultural e corporacións locais no ano 2025, aprobada o 5.2.2025.

Este instrumento de colaboración encádrase no programa de gasto da Agadic 432B –*Fomento das actividades culturais*–, cuxo obxectivo principal se centra en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados na Estratexia da Cultura Galega 21, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Paideia Galiza para o desenvolvemento do Ciclo de encontros de danza e artes do movemento “Entre pasos e palabras” en 2025.

### SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE CONCORRENCIA PÚBLICA

O traballo específico da entidade na área do emprendemento, recollido nos seus estatutos como un dos seus obxectos fundacionais, a súa dilatada experiencia e traxectoria recoñecida no ámbito da promoción e profesionalización da cultura emerxente en Galicia, as alianzas estratéxicas tecidas no ámbito cultural, esenciais para a execución exitosa de programas deste tipo ao facilitar a participación de relatores de prestixio e o establecemento de contactos valiosos para os artistas emerxentes; o seu compromiso coa inclusión e a diversidade no proxecto, garantíndose deste xeito a igualdade de oportunidades no acceso á profesionalización; a súa capacidade organizativa e recursos tanto de infraestrutura coma de persoal necesarios para a organización do evento, así como a inclusión desta actividade na planificación estratéxica da Agadic xustifican a imposibilidade de concorrencia pública.

### TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

O programa contempla a organización conxunta do Ciclo de encontros de danza e artes do movemento “Entre pasos e palabras”, un ciclo de seis eventos que se desenvolverán durante os meses de maio a outubro en diferentes localidades galegas, nos que se combinará o relato de profesionais de referencia no sector con mesas de debate e *masterclass* prácticas, baixo os seguintes títulos:

1. As novas linguaxes nas artes do movemento
2. A danza no ollar do cine
3. A arte de narrar o movemento
4. Tecendo redes
5. Danza sen fronteiras: un diálogo entre estilos
6. Da idea ao escenario: creación

Proponse cada un dos eventos como unha experiencia única de intercambio e enriquecemento cultural cun formato común:

1. Mesa redonda na que participarán dous expertos en danza: un profesional galego de recoñecido prestixio, cun profundo coñecemento das danzas, músicas e movemento que forman parte da identidade cultural galega, e un profesional da danza de fóra de Galicia que achegue unha visión global das tendencias contemporáneas e as influencias externas que enriquecen esta disciplina.
2. Mostra de danza representativa das tradicións e vangardas que se exploran no abordado na mesa redonda, ofrecendo unha panorámica da danza en Galicia.
3. Habilitación dun espazo de *networking* final entre potenciais artistas emprendedores e axentes do sector a nivel tanto local coma rexional.



#### **CUARTA. ADQUISIÓN DE ACTIVO INMATERIAL**

Coa realización efectiva deste programa dentro da programación cultural da Agadic adquirese un activo inmaterial que pasa a formar parte do patrimonio cultural da comunidade autónoma galega, permanente no tempo, cuxo valor se incrementará, sen dúbida, co transcurso dos anos, dentro dun proceso creativo, dinámico e multidimensional a través do cal a sociedade galega protexe, enriquece e proxecta a súa cultura.

A celebración do Ciclo de encontros de danza e artes do movemento “Entre pasos e palabras” non só contribúe ao crecemento e profesionalización da danza emerxente; tamén xera un valor intanxible, un activo inmaterial valioso ao facilitar o desenvolvemento profesional e artístico, ao propiciar tamén a creación de novas obras que enriquecen o patrimonio cultural galego e potencian a creatividade; ao fomentar o intercambio de coñecementos, experiencias e de contactos, facilitando a xeración de oportunidades de negocio ao ofrecerlles aos emprendedores e ao sector da danza no seu conxunto experiencias e ferramentas para enfrontarse aos desafíos do mercado.

#### **QUINTA. OBRIGA DAS PARTES**

A planificación, organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas por ambas as entidades nun proceso de colaboración continua, para o que se manterán reunións de carácter periódico entre os equipos de traballo de ambas as entidades.

O deseño, estrutura e contidos dos diferentes eventos que forman parte do ciclo serán consensuados entre ambas as partes.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración entre ambas entidades no desenvolvemento das actividades conveniadas.

Serán obrigas da Fundación Paideia Galiza:

1. Contratación artística e xestión das actuacións artísticas.
2. Xestión loxística dos asistentes e participantes.
3. Preparación, montaxe e produción técnica dos eventos nos espazos onde se desenvolvan.
4. Accións de comunicación e difusión dos eventos, tanto de carácter xeral coma aquelas outras centradas e focalizadas en espazos con potenciais axentes de interese do sector cultural.
5. Dar publicidade á colaboración pública nas actividades conveniadas. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia-Agadic, de acordo co manual de identidade corporativa.
6. Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
7. Comunicarlle á Agadic a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien a actividade conveniada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados. Esta comunicación debe efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
8. Someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.



Serán obrigas da Agadic:

1. Aboar a achega económica comprometida para o desenvolvemento de actuacións previstas no convenio de colaboración.
2. O apoio na selección de espazos para desenvolver as actuacións conveniadas así como asesorar na elección dos profesionais convidados, poñendo ao servizo das actividades os recursos técnicos que se consideren.
3. Difusión da actividade para maximizar a participación de profesionais do sector.

## SEXTA. FINANCIAMENTO

1. Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic realizará unha achega de **30.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.
2. A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, sen que a entidade obteña beneficio ou lucro industrial ningún.
3. O custo total das actividades do proxecto é de 37.500 euros, IVE incluído (31.707,64 euros sen IVE), consonte a seguinte desagregación:

GASTOS	IMPORTE sen IVE	IMPORTE con IVE
<b>1. Comunicación</b>	4.338,84 €	5.250,00
Gastos relativos á realización do deseño da imaxe do evento, materiais promocionais e publicitarios, publicidade e difusión en redes.		
<b>2. Contratación artística e xestión das actuacións</b>	10.847,11 €	13.125,00
Gastos relativos aos honorarios de artistas, showcases.; e gasto da persoa encaargada da presentación dos eventos, así coma da súa coordinación e preparación (xestión, temáticas, preparación e/ou supervisión de materiais...).		
<b>3. Producción e preparación técnica</b>	7.747,93	9.375,00
Gastos xerados polo desenvolvemento da preparación e produción do evento: persoal técnico e produción, medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das actividades (audiovisuais, gastos de catering, alugueiros mobiliario...)		
<b>4. Viaxes, aloxamentos, mantenza</b>	4.648,76	5.625,00
Gastos de viaxes, desprazamentos, aloxamentos e mantenzas de artistas, presentadores e persoal técnico, así como traslados de materiais par aos eventos.		
<b>5. Gastos de persoal da entidade vinculados ás actividades do proxecto</b>	4.125,00	4.125,00
20 % dos custos laborais dunha técnica da entidade e 15 % dunha traballadora administrativa, asignadas ás actividades conveniadas durante cinco meses e medio , o período de maio a outubro, para a realización dos seguintes traballos: deseño de contidos e proposta de profesionais, deseño das accións de comunicación, xestión de inscricións; xestión e loxística, viaxes e outros labores de xestión.		
<b>TOTAL</b>	<b>31.707,64</b>	<b>37.500,00</b>

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.
5. No caso de que o importe de xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do orzamento presentado, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente. Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no cadro de gastos cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.
6. En ningún caso se admitirá como gasto os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido



(IVE) poderase considerar gasto cando a entidade declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de pro rata na declaración do IVE.

7. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 17 de novembro de 2025. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2026.

### **SÉTIMA. CONDICIÓNS DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

1. A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

2. A achega comprometida pola Agadic aboarase logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

a. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.

b. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos das actividades, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe (con IVE e sen IVE), data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas no cadro de gastos da cláusula relativa ao financiamento deste convenio.

- Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico- mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.

- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento...) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.

- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en



metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como pagadora a entidade, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).

- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

- Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades e na que se indiquen, ademais, as desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.

c. Certificación acreditativa da situación da entidade con respecto á declaración de IVE.

d. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade conveniada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha axuda para a actividade conveniada.

e. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar os documentos correspondentes.

Antes da realización de calquera pagamento por parte da Agadic, a entidade deberá estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f. Con respecto aos gastos do persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto, declaración responsable da entidade relativa á porcentaxe do tempo efectivamente dedicado ás actividades conveniadas, segundo o admitido na cláusula relativa aos gastos deste convenio.

3. A documentación correspondente ás xustificacións presentárase de forma electrónica a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

4. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade remata o 17 de novembro de 2025.



#### **OITAVA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS CONXUNTOS**

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade compartida e uso común da Agadic e da Fundación Paideia Galiza. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público e gratuito. A entidade poderá facer uso de xeito gratuito dos coñecementos adquiridos durante a realización do evento en actividades propias da súa función. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Esta colaboración efectiva implica que os resultados, produtos e materiais xerados durante o desenvolvemento da actividade conveniada poderán ser utilizados por ambas entidades para fins culturais, promocionais, de investigación e difusión, respectando sempre os dereitos de autor e a normativa vixente en materia de propiedade intelectual e sempre de forma gratuita.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométese a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a entidade poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio e terá carácter gratuito.

#### **NOVENA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS**

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### **DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO**

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente pola entidade, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.



2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Os datos recollidos pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.
4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
  - a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
  - b) O acordo mutuo.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizarán a correspondente liquidación en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade e debidamente xustificadas ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros que foran debidamente acreditados.
4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO**

1. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta



comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Para estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia da entidade ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
- Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

#### **DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

1. Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normativa de aplicación.

2. Este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Así mesmo, e supletoriamente, terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

**POLA AXENCIA GALEGA DAS  
INDUSTRIAS CULTURAI**

**Jacobo Sutil Nesta**

Director da Agadic  
(P.D. do presidente do Consello Reitor  
da Agadic, DOG 29/08/2012)

**POLA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA**

**M<sup>a</sup> Sandra Ortega Mera**

Presidenta da Fundación Paideia Galiza

